


I.E.S. MONCHO VALCARCE

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
PROGRAMACIÓN XERAL
RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

XEFE DO DEPARTAMENTO

D. XAQUÍN LÓPEZ CAMPO

Curso 2018-2019

ÍNDICE

0.	PRESENTACIÓN E CONFIGURACIÓN DO DEPARTAMENTO	1
1.	PRINCIPIOS DA AREA DE RELIXIÓN	1
2.	OBXECTIVOS XERAIS	2
3.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	3
4.	ESTRUCTURA DOS NÚCLEOS TEMÁTICO-DIDÁCTICOS	4
	4.1. Obxectivos	4
	4.2. Contidos	4
	4.3. Metodoloxía didáctica	4
	4.4. Material empregado. Recursos.	4
	4.5. Exposición do profesor	4
	4.6. Coloquio	4
	4.7. Distribución do tempo	4
	4.8. Procedementos de avaliación: criterios e instrumentos.	5
	4.9. Procedementos para realización de avaliación inicial	6
	4.10. Plan de traballo para superación de materia pendente en ESO	6
	4.11. Actividades seguimento da materia pendente en Bacharelato...	6
	4.12. Accións de acordo co proxecto lector	6
	4.10. Accións do plan de integración TIC	6
	4.11. Procedemento para avaliar a propia programación	7
	4.12. Información ó alumnado	7
5.	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES POR NIVEL EDUCATIVO	8
6.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	11
7.	ACTIVIDADES DE REFORZO	12
8.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	12
9.	RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS	13
10.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	16

0.- PRESENTACIÓN E CONFIGURACIÓN DO DEPARTAMENTO

O Seminario de Relixión e Moral Católica está composto por dous profesores: D. Xaquín López Campo e D. José Antonio Soto Novo. O número de horas lectivas impartidas semanalmente é de 19.

Todos os grupos reciben unha hora lectiva semanal. A configuración dos grupos quedou do seguinte modo:

- 2 grupos de 1º ESO. Dúas horas lectivas.
- 3 grupos de 2º ESO. Tres horas lectivas.
- 3 grupo de 3º ESO. Tres sesións lectivas.
- 3 grupo de 4º ESO. Tres horas lectivas.
- 4 grupos de 1º de Bacharelato. Catro periodos lectivos.
- 4 grupos de 2º de Bacharelato. Catro horas lectivas.

1.- PRINCIPIOS DAS ACTIVIDADES DA ÁREA DE RELIXIÓN

O área de relixión contribúe dende os seus obxectivos específicos, ó igual que as demais materias, á educación integral a través da síntese dos seus obxectivos xerais de área e dos do Proxecto Curricular de Centro.

A finalidade da Educación Secundaria Obligatoria na LOMCE consiste en acadar que os alumn@s asuman os valores básicos da cultura, especialmente no seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenrolar e consolidar neles hábitos de estudo e traballo; preparalos para a súa incorporación ós estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadanos.

Tódalas actividades do área están basadas nunha serie de principios derivados polo feito de ser un área curricular e confesional. Neste senso, as actividades relacionadas co encino relixioso deberán:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado: é moi importante ter en conta a construción do pensamento relixioso e os distintos niveis evolutivos nos que se atopa o noso alumnado en cada intre.
2. Asegura-la construción de aprendizaxes significativas. Trátase de que as actividades se realicen partindo dos coñecementos e as experiencias do alumnado para, dende aí ir hacia outros que poidan ir encaixando na súa estrutura mental e lles vaian atopando utilidade.
3. Desenrola-la capacidade de aprender a aprender. Resulta fundamental traballar con actividades que presten especial atención á adquisición de estratexias cognitivas de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe. Os nenos teñen que realizar aprendizaxes significativas e teñen que ser eles os artífices da súa aprendizaxe.
4. Promover unha intensa actividade por parte do alumno. Na LOE proponse o desenvolvemento dunha "metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensinanza-aprendizaxe". Tendo en conta o constructivismo o alumno/a ten que modificar, construír e coordina-los seus esquemas ó mesmo tempo que é o propio artífice das súas aprendizaxes.
5. Educar en e para a democracia: un dos principios básicos da LOE é educar ó alumno na lectura dos signos dos tempos do mundo actual e, neste aspecto, está claro que el ascenso da conciencia democrática é unha característica do mundo contemporáneo.
6. Educar na práctica dunha metodoloxía científica e teolóxica. O método a empregar polo alumno será o científico na medida en que a súa idade e capacidade llo permita.

7. Desarrolla-la capacidade crítica. As diversas actividades permitirán ir construíndo un camiño onde o alumnado vaia configurando a súa propia identidade dende o diálogo fe-cultura.
8. Educar nunha conciencia e cultura moral. O alumnado ten que ir medrando e madurando o mesmo que o fai físicamente nunha conciencia crítica e conducta moral que lle permita insertarse críticamente na sociedade.
9. Permitti-lo diálogo da fe e os contidos relixiosos coa cultura audiovisual actual. Nun mundo no que a imaxe o abarca todo as actividades dende a Ensenanza Relixiosa escolar teñen que contemplar e permitti-lo diálogo entre a fe e a sociedade actual.
10. Procura-la motivación e o interés dos alumnos.
11. Dar resposta ó sentido último da vida. Este obxectivo acádase a través de actividades que fomenten o diálogo e permitan que os alumnos se expresen de tódolos modos e formas posibles.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

Partindo de dúas realidades: do currículo oficial proposto pola Comisión Episcopal de Ensino e das características dos alumnos e alumnas que acceden a esta nova etapa educativa, a aprendizaxe da asignatura de "Relixión e Moral Católica" tratará de desenrolar as seguintes capacidades dentro do alumnado:

- 1) Coñece-los textos fundamentais da fe católica, que constitúen o núcleo esencial da mensaxe cristián, para comprender e empregar axeitadamente o vocabulario sociorelixioso.
- 2) Situa-las principais fontes do cristianismo na súa orixe, forma e finalidade, mediante algúns criterios de interpretación da Igrexa Católica, e actualiza-la información que nos aportan.
- 3) Identificar a Xesucristo como núcleo central do feito cristián, na súa mensaxe, vida e actualidade e na realización histórica da Igrexa.
- 4) Conocer e valorar criticamente o significado da Igrexa para os cristiáns como a realización institucional do servizo de humanización que Cristo ofrece ó ser humano, e descubri-la súa aportación histórica na construción e crecemento da sociedade española e europea.
- 5) Conoce-lo significado dos signos e símbolos relixiosos máis relevantes, con especial atención ós sacramentos e ás prácticas relixiosas máis extendidas no entorno.
- 6) Acceder ás interpretacións que o cristianismo e as outras relixións dan sobre a condición humana fundamental e sobre o sentido do trascendente, a través dalgúns grandes preguntas que inxugan ó ser humano.
- 7) Aplica-los principios da moral cristián ós hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo e o medio ambiente para unha valoración crítica.
- 8) Descubri-lo fondo significado cristián da tolerancia, da participación, da responsabilidade e da solidariedade, aplicándoo a situacións sociais habituais: traballo, ocio, xogo, familia, etc.
- 9) Iniciarse na formación dunha conciencia moral cristián con sentido crítico e de auténtica liberdade persoal ante as realidades sociais, económicas e políticas do entorno.
- 10) Sensibilizarse ante os valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián en orde ás opcións que poden dar sentido a súa propia vida, contrastándoa con outros posibles valores, actitudes e normas que poden rexir na sociedade.
- 11) Coñecer, valorar e respecta-lo patrimonio relixioso, artístico e cultural a través da linguaxe simbólica da arquitectura, da pintura, da literatura, da música e da liturxia, como expresión das grandes etapas da historia da Igrexa.

O desenvolvemento das capacidades anteriormente mencionadas permitirá ó alumnado:

- a) Asumir con responsabilidade os seus deberes, coñecer e exercer-los seus dereitos no respecto ós demais, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio dunha cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas do aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respecta-la diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeita-los estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalece-las súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais. Rexeita-la violencia, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas no emprego das fontes de información para, con capacidade crítica, adquirir novos coñecementos. Asumir unha preparación básica no eido das novas tecnoloxías, especialmente no ámbito da información e a comunicación.
- f) Concebi-lo coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplica-los métodos para identifica-los problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver un espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Coñecer, valorar e respecta-los aspectos básicos da cultura e a historia propia dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- i) Aprecia-la creación artística e comprende-la linguaxe das distintas manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.
- j) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consenso, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente.

3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Centra-la atención do alumno en ideas e conceptos claves, de cara a que poida formar unhas estruturas mentais básicas que lle possibiliten a comprensión da relixión cristián.
2. Recoñece-las manifestacións do fenómeno relixioso na historia da humanidade, na nosa sociedade e no noso entorno: Galicia.
3. Coñece-los elementos que constitúen o fenómeno relixioso.
4. Distinguir o que é específico da relixión cristián dentro do contexto das demais relixións.
5. Promove-lo desenvolvemento das competencias básicas.
6. Contribuír ó establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación.

4.- ESTRUCTURA DOS NÚCLEOS DIDÁCTICOS

Cada núcleo didáctico foi estruturado nos puntos seguintes: obxectivos, contidos e metodoloxía.

4.1. Obxectivos

Intentar fixa-los puntos de máis interés para o alumnado.

4.2. Contidos

Axustaranse, no seu conxunto, ó disposto na lexislación vixente, se ben as propias normas destacan o feito de que o profesor os desenrole con flexibilidade e tendo en conta o nivel e interés do alumnado.

4.3. Metodoloxía

Neste apartado daranse orientacións referidas ó material, exposición do profesor, coloquio e actividades. É importante fomenta-la creatividade, a orixinalidade e a investigación persoal.

4.4. Material

Libro de texto
Biblia
Medios audiovisuais
Libro-fórum
Vídeo-fórum
Comentarios de texto
Traballo en grupo e Investigacións do entorno:entrevistas, visitas, etc.
Mapas, gráficos, murais, etc.
Resúmenes e esquemas
Elaboración de vocabulario temático básico
Debates e dramatizacións

4.5. Exposición do profesor

Por regra xeral a Exposición durará entre 15 e 20 minutos facilitándolle ó alumno a comprensión do tema mediante esquemas, resúmenes, síntesis, etc.

4.6. Coloquio

Facilita-lo diálogo co profesor e entre os alumnos dunha maneira democrática, respetuosa e disciplinada.

4.7. Distribución do tempo

Establécese unha hora semanal en tódolos niveis de educación secundaria e bacharelato. A distribución do programa virá dada polas variantes que poidan xurdir, así como pola resposta e participación do alumnado.

4.8. **Avaliación: criterios e instrumentos**

A avaliación será **continua**. Como procedimemento xeral de avaliación propoñemos aproveita-las posibilidades que ofrece o actual sistema que separa os coñecementos, a actitude e a nota global, resultante de ambas.

- 1) Ó comenzar cada unidade didáctica o profesor percátarase de cales son os preconceptos, experiencias, actitudes e ideas previas que posúen os alumnos sobre o tema que vai ser obxecto de ensinanza-aprendizaxe. Esta avaliación inicial axudará ó docente a adapta-lo desenrolo da clase ás necesidades do alumnado.
- 2) O segundo momento da avaliación (avaliación formativa) estará configurado por una dobre calificación:
 - a) A **nota de actitude** recollerá o traballo e a participación do alumno. Como elementos específicos do eido da actitude citaremos:
 - Trae-lo material necesario á clase: caderno, Biblia, libro de texto, etc.
 - Aproveita-los intres de traballo persoal na clase realizando as tarefas.
 - Saber traballar en equipo.
 - Ter traballado o caderno tanto no seu contido como na súa forma.
 - Face-las reflexións teóricas oportunas.
 - Participar activamente nas postas en común e debates.
 - Domina-lo vocabulario básico estudado en cada avaliación.
 - Mellora do alumno con respecto o seu nivel inicial (progresión da aprendizaxe de cada alumno).
 - Asistencia á clase (non ter faltas de asistencia sen xustificar).
 - Actitude positiva e respetuosa de cara ó conxunto da aula e da comunidade educativa.
 - b) A **nota de coñecementos** recollerá o nivel de asimilación dos contidos da programación. Para elo empregárase un sistema de autoavaliación do alumno. Éste deberá superar unha proba escrita ó remate de cada unidade didáctica, bloque temático ou avaliación.
- 3) A avaliación global ou sumativa de cada unidade didáctica, bloque temático ou avaliación será elaborada en base á media das dúas notas anteriores: nota de actitude e nota de coñecementos, sempre e cando ningunha delas se atope por debaixo dos mínimos esixidos (para poder realizarse a media entre ambas notas o alumno deberá posuír a calificación mínima de catro puntos tanto en actitude como en coñecementos).
- 4) Cando o alumno non acade nunha unidade didáctica, bloque temático, avaliación ou ó final do curso as calificacións mínimas esixidas terá que realizar unha proba de recuperación que consistirá na presentación dun traballo- síntese, tutorado e asesorado polo seu correspondiente profesor, no que se mostre que asimilou os contidos propostos en cada avaliación. A este apartado acolleranse, de forma extraordinaria, aqueles alumnos que non poideran asistir regularmente a clase por causa convenientemente xustificada e aceptada pola Xefatura de Estudos do Centro.
- 5) No caso de que un alumno perda a súa escolaridade nesta asignatura por faltas inxustificadas reiteradas (o número de faltas permitidas aparece contemplado nas Normas de Organización e funcionamento do centro) o criterio de avaliación a seguir será a realización dunha proba escrita que versará sobre os contidos abarcados durante todo o curso.

4.9. Procedementos para realización da avaliación inicial na ESO.

Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade.

Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de relixión na Primaria.

Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

4.10 Plan de traballo para superación de materia pendente na ESO.

A) Se un alumno ten pendente a relixión católica do curso anterior e sigue cursándoa, valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando os contidos mínimos co rendemento no actual curso. Esa valoración será mediante unha proba escrita ou oralmente mediante preguntas no desenvolvemento das clases habituais. Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes en Setembro.

B) No caso de que o alumno non siga cursando a materia de relixión realizará, coincidindo coa primeira avaliación, unha proba axeitada ós contidos mínimos. Se non a supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.

En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno. E a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumno.

4.11. Actividades de seguimento da materia pendente no Bacharelato.

Se houbera algún alumno que, estando en segundo de Bacharelato, teña pendente a materia de relixión católica do curso anterior poderá aprobala facendo un traballo ou proba complexiva segundo o criterio do profesor que ha de considerar a situación especial dese alumno.

4.12. Accións de acordo co Proxecto Lector

Atendendo ó Plan Lector do centro e os seus obxectivos dende o Seminario de Relixión fomentaremos a coordinación entre tódolos departamentos didácticos para facer posible o fomento do uso da biblioteca como espazo de aprendizaxe e disfrute.

Durante o curso académico promoverase e recomendarase a lectura de libros relacionados coa temática desenvolvida na aula. Estas lecturas non terán carácter obrigatorio para o alumnado pero sí subirán a súa calificación persoal en caso de facelas. Os libros recomendados estarán a disposición do alumnado na biblioteca do noso centro educativo.

Tamén adicaremos algunha sesión lectiva ó desenrolo das competencias lingüísticas básicas a través da lectura, do comentario e da reflexión de textos informativos, periodísticos e literarios. Non debemos esquecer que o obxectivo final da competencia lectora supón que os alumnos aprendan a empreñar correctamente a lingua interpretando e comprendendo distintos tipos de textos e sendo tamén capaces de formar xuízos críticos acerca do lido ou escoitado.

4.13. Accións do plan de integración TIC

A incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación ó ensino de relixión supoñen hoxe unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento desta materia.

OBXECTIVOS

- Empregar materiais interactivos nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Buscar aplicacións e programas para o súa utilización nos procesos de enseñanza.
- Formar ós alumnos no emprego das novas tecnoloxías.
- Facilita-lo emprego dos recursos por parte do alumnado.

CONTIDOS

Fundamentalmente o emprego das TICs irá encamiñado á elaboración de material por parte dos propios alumn@s: presentacións en PowerPoint, elaboración de vídeos e cortametraxes, traballo con fotos e diapositivas, etc.

O primeiro ciclo de Secundaria permitiranos o emprego de recursos didácticos como xogos, concursos, pasatempos,etc, que faciliten o interés dos alumnos pola nosa materia.

METODOLOXÍA

Seguiremos fundamentalmente catro pasos: búsqueda da información, procesamento da información atopada, exposición dos resultados diante dos compañeiros de clase e publicación dos mesmos, ben sexa nun traballo elaborado en papel ou en calquera outro soporte que nos permitan as TICs.

RECURSOS

- Uso películas en DVD para tematizar algunhas das unidades didácticas a traballar.
- Información sobre noticias no ámbito relixioso: libros, biografías, ONGs, etc.
- Análise, elaboración e reactualización de mapas históricos e xeográficos do país de Xesús.
- Emprego de páxinas web que ofrezcan imaxes, glosarios, esquemas, etc.; como apoio á explicación realizada na clase.

4.14. Procedementos para avaliar a propia programación

A presente programación didáctica será presentada ó alumnado de cada nivel educativo ó inicio de cada curso académico. No momento da súa comunicación e análise farase especial fincapé na metodoloxía a empregar así como nos procedementos e instrumentos de avaliación.

Os criterios de avaliación e os mínimos esixibles permanecerán expostos no taboeiro de anuncios do Departamento de Relixión e na propia Aula-materia ó longo do curso académico par a consulta dos propios alumnos.

4.15. Información ó alumnado

Os membros do Departamento de Relixión e Moral Católica supervisarán ó final de cada trimestre tódolos apartados da presente programación coa finalidade de avaliar o seu desenrolo e adaptala ás necesidades educativas e pedagógicas que poidan ir xurdindo.

O final do curso o alumnado cubrirá unha enquisa de valoración e avaliación do seu profesor e do desenrolo da asignatura.

5.- CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES POR NIVEL EDUCATIVO

5.1. PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

BLOQUE DIDÁCTICO I: A BIBLIA E A SÚA MENSAXE

1. A revelación progresiva de Deus na historia de Israel.
 - 1.1. Feitos e situacións históricas e culturais.
 - 1.2. Etapas da historia da salvación.
 - 1.3. Xesucristo, plenitude das promesas do A. Testamento.
 - 1.4. O Deus que se revela: Creador e Pai.
2. Os libros do Antigo e Novo Testamento.
3. A Biblia, Palabra de Deus: Revelación e inspiración.

BLOQUE DIDÁCTICO II: XESUCRISTO

1. Os libros do Novo Testamento: formación e xéneros.
2. Os Evanxelios: autores, destinatarios, historicidade.
3. Documentos bíblicos e extra-bíblicos sobre Xesús.
4. Documentos bíblicos sobre Xesús e o seu tempo.
5. Vida de Xesús: evanxelios da infancia.
6. Resurrección de Xesús fundamento da esperanza cristián.

BLOQUE DIDÁCTICO III: SEGUIMENTO DE XESUS. VIVENCIA DO REINO

1. Xesús revela o rostro de Deus.
 - 1.1. Creador e liberador (continuidade respecto ó A.T.)
 - 1.2. Pai e Deus da salvación (novidade respecto ó A.T.)
2. Complexidade e riqueza do ser humano.

5.2. SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

BLOQUE DIDÁCTICO I: NACIMENTO DA IGREXA

1. Pentecostés.
2. Primeiras comunidades cristiáns.
3. A Igrexa ó servizo do mundo.

BLOQUE DIDÁCTICO II: A IGREXA CELEBRA

1. A liturxia cristián como expresión dunha tradición.
 - 1.1. Festas e celebracións máis significativas.
 - 1.2. O domingo, día do Señor.
2. Sacramentos: fundamentación bíblica e símbolos.

BLOQUE DIDÁCTICO III: SEGUIMENTO DE XESÚS

1. O amor como fundamento de vida.
2. Construír un mundo mellor.

5.3. TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

BLOQUE DIDÁCTICO I: OS FEITOS RELIXIOSOS

- 1.- ¿Que é un feito relixioso?
- 2.- ¿En que coinciden tódalas relixións?
- 3.- ¿Como analizar un feito relixioso?
- 4.- ¿Para que serve a relixión?.

BLOQUE DIDÁCTICO II: RELIXIÓNS DO MUNDO

- 1.- ¿Son tódalas religións iguais?.
- 2.- ¿É o hinduísmo unha relixión?.
- 3.- ¿Que relixións hai en China e en Japón?.
- 4.- O budismo.

BLOQUE DIDÁCTICO III: AS TRES RELIXIÓNS MONOTEÍSTAS

- 1.- O xudaísmo.
- 2.- O cristianismo.
- 3.- O islam.
- 4.- ¿En que coinciden? ¿En que se diferencian?.

5.4. CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

BLOQUE DIDÁCTICO I: A PERSOA HUMANA

- 1.- ¿Que significa ser persoa?.
- 2.- ¿Que visión da persoa ofrecen as grandes relixións?.
- 3.- ¿En que fundamenta o cristianismo a dignidade da persoa?.
- 4.- ¿Por que Xesús é modelo de home?.

BLOQUE DIDÁCTICO II: A SOCIEDADE ACTUAL

- 1.- ¿Como afecta á persoa o consumismo?.
- 2.- ¿Cal é a función da tecnoloxía actual?.
- 3.- ¿Cal é a relación entre sociedade relixión?.
- 4.- ¿Que consecuencias se siguen do pensamento modernista?.

BLOQUE DIDÁCTICO III: A EXPERIENCIA DA FE

- 1.- ¿En que consiste a experiencia da fe?.
- 2.- ¿É razoable crer en Deus?.
- 3.- ¿Como se relaciona a fe coa cultura?.
- 4.- ¿Que aporta a fe cristián á sociedade actual?

BLOQUE DIDÁCTICO IV: TRABALLAR POLA XUSTICIA

- 1.- ¿Cales son as claves da xusticia social?.
- 2.- ¿É posible erradica-la fame e a pobreza?.
- 3.- ¿Que podemos facer a favor da paz?.
- 4.- ¿Hai signos de que avanzamos hacia un mundo mellor?.

5.5. PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO

BLOQUE DIDÁCTICO I: O SENTIDO DA VIDA

- 1.- Panorama das respostas ó sentido da vida.
- 2.- Os humanismos
 - 2.1. Ateísmo: Feuerbach.
 - 2.2. Comunismo: K. Marx.
 - 2.3. Nihilismo: F. Nietzsche.
 - 2.4. Psicoanálise: S. Freud.
 - 2.5. Existencialismo: A. Camus.
 - 2.6. Cientificismo: J. Monod.
 - 2.7. Persoalismo: E. Mounier.
 - 2.8. Postmodernismo: G. Vattimo.
- 3.- As relixións
 - 3.1. O fenómeno relixioso: elementos constitutivos.
 - 3.2. Expresións da actitude relixiosa: mitos, ritos e oración.
 - 3.3. Relixión, Superstición, maxia, idolatría. Distincións.
 - 3.4. Principais relixións actuais.

BLOQUE DIDÁCTICO II: A FE CRISTIAN NA CULTURA ACTUAL

- 1.- A fe ante as corrientes de pensamento moderno
 - 1.1. Formas de vivir e de pensar na nosa sociedade.
 - 1.2. Filosofía e fe.
 - 2.- A fe cristián ante as relixións
 - 2.1. Relixións tradicionais e "novas formas de relixiosidade".
 - 2.2. O sentimento relixioso na nosa sociedade.
 - 2.3. A fe cristián ante as manifestacións do fenómeno relixioso.
 - 3.- A fe e a estrutura económico capitalista
 - 3.1. A influencia da economía na vida persoal e social.
- 3.2. A estrutura económica da nosa sociedade.
- 3.3. A fe ante a economía capitalista.

5.6. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO

BLOQUE DIDÁCTICO I: A MORAL CRISTIÁN NA SOCIEDADE ACTUAL

- 1.- Dimensión moral da vida humana.
 - 1.1. Valores e a felicidade.
 - 1.2. A estrutura do acto moral.
 - 1.3. A conciencia.
- 2.- Os valores fundamentais da moral cristián
 - 2.1. Os valores de Xesús.
 - 2.2. A vida moral do cristián.
- 3.- Moral cristián sobre a vida humana
 - 3.1. Valores fundamentais sobre a vida humana.
 - 3.2. Valoración moral do aborto, eutanasia, suicidio, etc.

BLOQUE DIDÁCTICO II: CULTURA E RELIXIÓN

- 1.- Arte e relixión
 - 1.1. A dimensión espiritual do arte
 - 1.2. Arte e cristianismo: unha convivencia difícil.
- 2.- Evolución e significado do arte cristián.
 - 2.1. O arte cristián dende os seus orixes ata os nosos días.
 - 2.2. Evolución da arquitectura cristián.
- 3.- Literatura e relixión
 - 3.1. O relixioso cristián na literatura castellana.
 - 3.2. Xesús na narrativa e poesía actual.

- 4.- Xesús e María no arte
- 4.1. A imaxe de Xesús e María no arte.
- 4.2. A figura de Xesús no cine.

6.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE POR NIVEL EDUCATIVO

6.1. PRIMEIRO EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Expresar por escrito sucesos imprevistos nos que se reconece que a realidade é dada.
- Evaluar situacións nas que se pon de manifesto que a realidade é un don de Deus.
- Argumentar a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.
- Coñecer e sinalar as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación.
- Coñecer e construír unha liña do tempo cos acontecementos máis importantes da historia de Israel.
- Buscar relatos bíblicos e seleccionar xestos e palabras de Deus nas que se identifica a manifestación divina.
- Recoñecer a partir de lectura dos textos evanxélicos os rasgos da persoa de Xesús.
- Coñecer e respetar que os sacramentos son accións do Espírito para construír a Igrexa.

6.2. SEGUNDO EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Argumentar a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.
- Distinguir e debater de forma xustificada e respetuosa a orixe do ser humano.
- Valorar a dignidade de todo ser humano con independencia das súas capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, etc.
- Identificar e clasificar as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.
- Ler relatos mitolóxicos, localizar rasgos das divindades das relixións politeístas e contrastalas coas características do Deus cristián.
- Localizar no mapa os lugares da orixe das primeiras comunidades cristiás e descubrir as súas características.
- Confeccionar materiais, empregando as tecnoloxías da información, onde se expresen os momentos relevantes da historia salvífica.

6.3. TERCEIRO EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Expresar e compartir en grupo situacións nas que se reconeza a existencia humana de felicidade e plenitude.
- Analizar e valorar a experiencia persoal fronte a feitos bellos e dolorosos.
- Crear e compartir textos, vídeos, cortos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiás supuxo o encontro con Cristo.
- escoitar testemuñas de cristiás e debater acerca da súa vida de fe.
- Defender de xeito razoado a influencia da fe no arte, no pensamento, nas costumes, na saúde, etc.
- Seleccionar esencias de películas ou documentais que mostren a búsqueda do sentido da vida.

6.4. CUARTO EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Identificar os rasgos principais nas relixións monoteístas.
- Buscar información e presentala ao grupo coas respostas das distintas relixións ás preguntas polo sentido da vida.
- Localizar, seleccionar e argumentar en textos evanxélicos a chamada de Xesús.
- Adquirir o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se nos ofrecen.
- Recoñecer e valorar na Igrexa figuras que son autoridade polo seu servizo ou testemuña.
- Identificar e xustificar acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.
- Identificar, clasificar e comparar os rasgos do Xesús sufrinte e o Xesús político.

6.5. PRIMEIRO BACHARELATO

- Identificar e diferenciar a diversidade de repostas salvíficas que amosan as distintas relixións.
- Investigar e analizar comportamentos dos xóvenes que defenden ou atentan contra a dignidade do ser humano.
- Calificar as repostas de sentido que ofrece o ateísmo, o agnosticismo, o laicismo, e contrastalas coa proposta de salvación ofertada polas relixións.
- Identificar problemas sociais e analizar a resposta que a eles se dan dende a doutrina social da Igrexa.
- Analizar as distintas formas de resposta ó sentido da vida: humanismos, ciencias ocultas e relixións.
- Comprender e elaborar unha definición persoal do significado do ben común e a solidariedade.
- Identificar os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, na teoloxía, na ciencia e na técnica.

6.6 SEGUNDO BACHARELATO

- Estudiar, analizar e definir o concepto de cultura nas diferentes épocas.
- Conocer e respetar os rasgos da vida humana.
- Poseer argumentos para defender ou dar razóns desde a posición cristián en relación ós problemas bioéticos.
- Explicar situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalidade ó home.
- Seleccionar obras de arte, investigar sobre o seu autor e descubrir o seu sentido relixioso.

7.- ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

Este Departamento a fin de asegurar unha atención máis explícita á diversidade contempla a posibilidade de reforzar ou ampliar as aprendizaxes dos alumnos en cada unidade didáctica. Con tal fin elaboráronse unha serie de actividades para cada nivel educativo e para cada unidade didáctica.

8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Todo proceso de ensinanza-aprendizaxe carecería de realismo educativo e de eficacia pedagóxica se non prestara unha atención especial ós alumnos e alumnas na súa diversidade. Isto afecta de xeito particular ó ensino relixioso.

O Departamento de Relixión e Moral Católica contempla esta diversidade en varios frentes, tanto relacionados coa situación dos propios alumnos como co xeito de presentar e escolle-los exercicios e os seus contidos. Referímonos, en concreto: - á diversidade física e psíquica.

- ás diferentes situacións socioculturales.
- ás peculiaridades do pobo onde se ubica o noso centro educativo.
- á capacidade intelectual de cada alumno.

Esta diversidade contéplase nos distintos plantexamentos relacionados cos contidos transversais e nas actividades que conforman o punto de partida de cada unidade didáctica. O resultado destas actividades levará ó profesor a face-las adaptacións que estime oportunas. Así, habrá alumnos que acadarán de xeito doado os obxectivos básicos que se propoñen, outros que terán dificultades para acadalos e outros, que deberán ser estimulados hacia unha ampliación dos contidos ou unha profundización dos mesmos.

9.- RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

9.1. Competencia en comunicación lingüística. Descriptores.

O ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno durante a clase de relixión por os seguintes descriptores:

9.1.1. Comunicación oral-escrita:

- ✓ Escoitar, comprender e dialogar cos compañeiros sobre textos e ideas relixiosas.
- ✓ Expor con precisión as crenzas relixiosas.
- ✓ Expresar sentimentos e emocións na linguaxe da relixión.
- ✓ Expresar e argumentar as crenzas e opinións sobre a relixión.

9.1.2. Representación, interpretación e comprensión da realidade:

- ✓ Interpretar e comprender textos relixiosos (bíblicos, teolóxicos, doutrinais, litúrxicos, espirituais) cada un desde o seu xénero literario ou natureza específica.
- ✓ Reter textos mediante a penetración na dinámica dos mesmos. ✓ Descifrar signos, símbolos, imaxes e obxectos da relixión.
- ✓ Formular preguntas achega dos feitos, obxectos ou ideas relixiosas.
- ✓ Xerar hipóteses explicativas dos feitos ou ideas relixiosas que observa.

9.1.3. Construción e comunicación do coñecemento:

- ✓ Manexar información das diferentes fontes do coñecemento relixioso.
- ✓ Coñecer e practicar os métodos de construción do coñecemento relixioso. Dedutivo: das fontes ás doutrinas, e destas a explicacións actualizadas. Indutivo: das preguntas xurdidas da análise da realidade á procura de respostas nas fontes e doutrinas relixiosas.

9.1.4. Organización e autorregulación do pensamento, as emocións e as condutas:

- ✓ Captar a dimensión estética da linguaxe relixiosa narrativa ou simbólica.
- ✓ Organizar o coñecemento da realidade relixiosa en esquemas conceptuais.
- ✓ Observar feitos e condutas e relacionalos con causas e consecuencias materiais e emocionais.
- ✓ Formular xuízos e/ou decisións éticas fundamentadas no código relixioso.
- ✓ Utilizar o diálogo para confrontar as ideas relixiosas dos demais coas propias.
- ✓ Ter en conta as ideas dos demais en materia de relixión.

9.2. Competencia matemática. Descriptores.

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática cando axuda a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, cando contabiliza expresións de cifras que aparecen no currículo e cando usa estatísticas para a descrición e a análise da realidade social. Descriptores correspondentes:

9.2.1. Utilización e relación de formas de expresión e razoamento lóxico:

- ✓ Clasificar os obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes.
- ✓ Aplicar o razoamento dedutivo ás crenzas relixiosas, condutas e consecuencias.
- ✓ Empregar o razoamento indutivo partindo da observación da realidade para formular principios relixiosos.
- ✓ Aplicar o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.
- ✓ Expor o pensamento relixioso seguindo cadeas argumentais.
- ✓ Construír unha visión do mundo consecuente coas crenzas relixiosas.

9.3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. Descriptores.

As clases de relixión contribúen ao desenvolvemento desta competencia a través das ciencias relixiosas, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e con si mesmo. Tamén contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde esta competencia.

9.3.1. Interactuar co mundo físico nos espazos naturais e xerados pola acción humana:

- ✓ Contemplan o mundo físico nas súas dimensións material e simbólica.
- ✓ Observar de forma metódica e sistemática a realidade relixiosa.
- ✓ Utilizar as Ciencias da Relixión para a análise e comprensión da realidade relixiosa.

9.3.2. Posibilitar a comprensión dos sucesos e a predición das súas consecuencias:

- ✓ Buscar respostas relixiosas ao sentido último da realidade física, respectando a lexítima autonomía da natureza e do coñecemento científico.
- ✓ Detectar os factores morais, filosóficos e relixiosos implicados nos problemas do medio ambiente.
- ✓ Coñecer o pensamento relixioso sobre a realidade física e medioambiental.

9.3.3. Elaborar actividades dirixidas a mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto de seres vivos:

- ✓ Instaurar na vida propia a experiencia contemplativa cara ao medio natural como espazo de realización humana máis aló da súa dimensión utilitarista ou consumista.
- ✓ Elaborar proxectos para a preservación e mellora do medio ambiente mediante a aplicación de principios, actitudes e comportamentos baseados na relixión.

9.4. Competencia no tratamento da información e dixital. Descritores.

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións. Para esta competencia usaremos os seguintes descritores:

9.4.1. Obter información, procura, selección, rexistro e tratamento:

- ✓ Coñecer e utilizar fontes de información sobre o feito relixioso.
- ✓ Aplicar criterios para a selección da información relixiosa.
- ✓ Utilizar instrumentos de rexistro para a información relixiosa.

9.4.2. Transformar a información en coñecemento:

- ✓ Organizar en conxuntos coherentes e en esquemas conceptuais previos a información relixiosa obtida.
- ✓ Conectar a información relixiosa coas inxedanzas e necesidades relixiosas dos seres humanos concretos.

9.4.3. Comunicar a información:

- ✓ Utilizar os medios TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso.
- ✓ Intercambiar información e ideas relixiosas mediante a Rede.

9.5. Competencia social e cidadán. Descritores.

Na súa acción humanizadora, o ensino relixioso católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumnado, en orde a facer posible a maduración da corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, a xustiza, a igualdade e a caridade; todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesucristo e, ao mesmo tempo, como resposta ás grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade formúlanse os alumnos/as.

9.5.1. Comprender a realidade social:

- ✓ Coñecer e comprender o feito relixioso e a súa diversidade na sociedade actual.
- ✓ Comprender a existencia de diversas perspectivas para a análise da realidade relixiosa.
- ✓ Valorar a achega da relixión en aspectos da realidade social (institucións, ética, leis...)

9.5.2. Cooperar e convivir:

- ✓ Investigar en equipo sobre o feito relixioso.
- ✓ Valorar e respectar o principio democrático de liberdade relixiosa e de conciencia.
- ✓ Cooperar en proxectos con crentes doutras relixións.
- ✓ Dialogar sobre situacións e problemas de carácter ético e relixioso. ✓ Aplicar os principios da ética relixiosa á resolución de conflitos.

9.5.3. Exercer a cidadanía democrática e contribuír a melloral:

- ✓ Detectar e formular problemas de orde relixiosa a partir da observación da realidade social a escala planetaria e local.
- ✓ Valorar e utilizar os principios do pensamento relixioso como instancia crítica da sociedade.
- ✓ Mostrar un diálogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, integración das persoas, enriquecemento mutuo e construción da paz mundial.
- ✓ Apreciar e respectar o principio democrático de laicidade.

9.6. Competencia cultural e artística. Descritores.

O ensino relixioso católico non somentes aporta á competencia cultural e artística uns coñecementos da arte e cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas, senón tamén o sentido e profundidade da súa presenza que remite a un xeito concreto de ver a vida, de expresala e de vivir a cultura desde a achega cristiá. Facendo isto contribúe activamente á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

9.6.1. Comprensión, coñecemento, apreciación, valoración crítica:

- ✓ Comprender as obras artísticas relixiosas desde as experiencias e/ou os textos relixiosos que as inspiran así como desde as experiencias e/ou as mensaxes que pretenden transmitir.
- ✓ Expresar elementos relixiosos a través da creatividade, a imaxinación e a iniciativa.
- ✓ Coñecer e apreciar o patrimonio artístico de inspiración relixiosa.
- ✓ Interpretar a evolución do pensamento relixioso a través das manifestacións artísticas do mesmo ao longo da historia.

9.6.2. Creación, composición, implicación:

- ✓ Crear expresións artísticas desde a propia percepción do relixioso.
- ✓ Mostrar interese e participar na vida cultural e relixiosa da comunidade.
- ✓ Mostrar interese e contribuír na conservación do patrimonio artístico relixioso.

9.7. Competencia para aprender a aprender. Descritores.

O ensino da relixión contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender fomentando as capacidades de aprendizaxe: atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Axúdalle aos alumnos a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

9.7.1. Tomar conciencia das propias capacidades e coñecementos:

- ✓ Mostrar interese por coñecer e comprender a realidade relixiosa.
- ✓ Tomar conciencia das capacidades persoais que poden supoñer achegas positivas á comunidade crente ou ao feito relixioso na sociedade.
- ✓ Ter unha idea axustada do propio nivel de coñecemento, comprensión e compromiso co feito relixioso.

9.7.2. Xestionar e controlar as propias capacidades e coñecementos:

- ✓ Investigar de xeito persoal no ámbito da relixión.
- ✓ Suscitarse e formular preguntas sobre a realidade relixiosa.
- ✓ Transformar a información relixiosa en coñecemento propio.
- ✓ Aplicar coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos.
- ✓ Atopar e utilizar canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito relixioso na sociedade.

9.7.3. Manexar de forma eficiente recursos e técnicas de traballo intelectual:

- ✓ Manexar as ferramentas básicas de procura de información aplicadas á investigación do feito relixioso.
- ✓ Sintetizar o coñecemento relixioso en esquemas conceptuais.
- ✓ Ser capaz de relacionar o coñecemento relixioso coas cuestións antropolóxicas ás que fan referencia.
- ✓ Estar ao día da información relixiosa a través dos medios de comunicación.
 - ✓ Coñecer e valorar as diferentes fontes de información relixiosa.

9.8. Competencia sobre autonomía e iniciativa persoal. Descritores.

Por propoñer a Xesucristo como camiño que xera autonomía e liberdade, e por o testemuño de homes e mulleres santos ao longo da historia, o ensino relixioso católico diríxese á persoa concreta nas súas raíces e na súa identidade propia, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo facendo posible que o alumnado se coñeza a si mesmo no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentidoeducándoo na iniciativa persoal e autónoma polo ben e a verdade.

9.8.1. Valores e actitudes persoais:

- ✓ Mostrar as súas propias calidades como ferramentas ao servizo dunha misión cara ao mundo global e próximo.
- ✓ Demostrar sentido ético ante a vida (convicción de que a acción require reflexión e discernimento).
- ✓ Entender o traballo humano como fonte de realización persoal e de servizo á sociedade.
- ✓ Emitir xuízos éticos e tomar decisións inspiradas nos principios morais da relixión.

9.8.2. Planificación e realización de proxectos:

- ✓ Avaliar accións e proxectos da comunidade relixiosa.
- ✓ Planificar e participar en proxectos relacionados coa misión cristiá.
- ✓ Adaptar proxectos misioneiros a contextos e situacións propias dun Centro educativo.

9.8.3. Habilidades sociais de relación e de liderado de proxectos:

- ✓ Propoñer proxectos relacionados coa misión a outros compañeiros co fin de animar
 - ✓ unha acción colectiva.
- ✓ Comprometerse nas institucións e servizos ao seu nivel desde a perspectiva da misión e responsabilidade dos crentes ante a vida pública.

10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Relixión e Moral Católica pretende dar continuidade a varias actividades. Destacaremos, entre outras, as seguintes:

- Concurso de poesía e vídeo, e exposición de murales con motivo da Celebración do día da Paz e Non Violencia (30 de xaneiro de 2019).
- Colaboración coa asociación Abeiro nos distintos programas de prevención de toxicomanías. Visita cárcere de Teixeira. Nivel: 1º Bacharelato-
- Charla sobre Comercio Xusto e visita de misioneiros con motivo da celebración do Día do Domund. Nivel 1º e 2º ESO.
- Charla sobre integración social dos grupos menos favorecidos. Nivel 4º ESO
- Actividades de vídeo-fórum e disco-fórum. Todos os niveis educativos.
- Visitas culturais:
 - 1ºe 2º ESO: Visita ó Belén Electrónico de Begonte (Lugo) ou Belén da parroquia de Santiago Seré nas Somozas.
 - 3º e 4º ESO: Excursión a Mondoñedo (sé episcopal) e Mosteiro de Osera (Ourense).

Asdo: D. Xaquín López Campo

(Xefe Departamento)

En As Pontes, a 15 de Setembro de 2018

16